

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 27/05/2021 11:30:50

SAIDA 8304/21



Reclamante: [REDACTED]
Expediente: Nº RSCTG 39/2021

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 15 de abril de 2021, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 25 de maio de 2021, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 15 de abril de 2021, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución da Alcaldía de Brión nº 164/2021, do 13 de abril, pola que se resolve a súa solicitude de obtención de copia dos convenios asinados polo concello coa [REDACTED] desde o 01.01.2012 ata a actualidade, o no seu caso, copia das actas, decretos da alcaldía, etc, nas que se acordase o patrocinio ou colaboración con actividades promovidas por dita asociación.

O reclamante indicaba que solicitou do Concello copia dos convenios asinados coa [REDACTED] dende o 1 de xaneiro de 2012 e que en caso de non existir convenio, lle facilitasen copia das actas, decretos da Alcaldía ou documentación análoga en que se acordase o patrocinio ou colaboración con actividades promovidas pola dita Asociación. O Concello lle informa que non existe ningún convenio asinado, nin tampouco acordo de patrocinio ou colaboración e segundo a páxina de Facebook da Asociación e a información publicada por medios de comunicación, constan diversas actividades realizadas conxuntamente pola Asociación e o Concello entre as que sinala o Libro Brión en fotos, Plantación de árbores no parque de Lamiño, Andaina Terras de Altamira, polo

que o reclamante considera que existe colaboración entre o Concello e a Asociación e solicita que no caso de non existir documentación se lle me informe sobre cales foron os criterios para decidir apoiar estas iniciativas, desagregar o tipo de colaboración (loxística, cesión de espazos, uso de persoal público, etc.) e o importe económico expresado en euros.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, da resolución impugnada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 19 de abril de 2021 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Brión para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 3 de maio de 2021 o Concello de Brión contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que por parte do Concello, ante a solicitude de acceso á información, revisáronse todos os convenios dende a data solicitada e non se atopou ningún asinado con esa asociación, do que se lle informou ao interesado. No informe, o Concello manifesta a súa sorpresa por que o interesado solicite ao Concello unha información da que el xa dispón, segundo di, a través da rede social Facebook.

Considera o Concello que o interesado, a través do seu escrito de reclamación presentado ante a Comisión, pretende obter documentación que non foi obxecto da solicitude inicial, consistente en que se lle informe de cales foron os criterios para decidir apoiar esas iniciativas, desagregar o tipo de colaboración (loxística, cesión de espazos, uso de persoal público, etc...) e o importe económico, que considera que é materia allea ao obxecto do que debe ser a reclamación regulada na normativa de Transparencia.

Non obstante, co ánimo de poder informar ao interesado do xeito máis amplo posible, informa que no ano 2014 a referida Asociación obtivo unha subvención da Xunta de Galicia para a edición dun libro de fotografía antiga do Concello e parte dos libros foron repartidos pola propia asociación e parte foron doados ao Concello para repartir entre a veciñanza. Ao non ser suficientes para todos os veciños, a asociación cedeulle o libro ao concello para que editara máis números, momento a partir do cal o libro pasou a ser propiedade do concello e estase entregando a todas as persoas que se empadroan. En 2020 o Concello editou un segundo libro, no que figura a colaboración da asociación na medida en que as fotos son en boa parte das recompiladas no ano 2014 e outras doadas por veciños.

Respecto da plantación de arbores, a Asociación solicitou a colaboración do Concello para a cesión dun espazo para realizar estas plantacións, que se fan abertas á participación de toda a veciñanza. A colaboración do concello nestas plantacións límitase á cesión do espazo público

onde se realiza e á promoción da actividade no propio concello a través das canles habituais (bandos, facebook, app...) para animar á xente a participar nunha actividade medioambiental que beneficia a todos.

No referente ás andainas, solicitouse a colaboración do Concello para instalar o punto de recollida de dorsais, almacenar o material, instalar o equipo de megafonía, utilización do palco da música, utilización da área municipal de piragüismo para o avituallamento do xantar e utilización das duchas do pavillón municipal de deportes, apoio da Policía Municipal e a agrupación de Protección Civil en caso necesario, utilización de 20 mesas e 40 bancos para os diferentes avituallamentos, vallas para delimitar as zonas de saída e chegada da andaina e as zonas de avituallamento.

A partir do ano 2017 o concello asume a organización da andaina xunto coa asociación, facéndose cargo dos gastos fixos do seguro de responsabilidade civil e accidentes e do gasto da asistencia sanitaria, estando presente unha ambulancia durante todo o día na andaina e a partir do ano 2018 a andaina organízase tamén coa colaboración da Federación Galega de Montañismo.

Así pois algunhas actuacións realizadas por esa asociación desde o ano 2012 foron auspiciadas de forma verbal polo concello, ofrecendo axuda para o desenvolvemento de actividades desa asociación, cun evidente interese público, e que redundaron sempre en beneficio de todos os veciños do concello, sen ningunha contraprestación económica por parte do concello.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión

da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerese no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado notificóuselle a resolución con data do 15 de abril de 2021 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o mesmo día, debe admitirse por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado solicitou ao Concello de Brión copia dos convenios asinados con unha Asociación e no seu caso actas, decretos da alcaldía ou calquera outro documento no que se acordase o patrocinio ou colaboración coa dita Asociación. O Concello resolveu comunicando ao interesado que non existe ningún convenio do Concello con esa Asociación.

De acordo coa definición de información pública da Lei galega 1/2016, e da Lei básica estatal 19/2013, as solicitudes de acceso deben estar baseadas en información xa existente e dispoñible, en poder dun organismo ou entidade suxeita á Lei, no momento no que se produce a solicitude e, ademais, debe ser información elaborada ou adquirida no exercicio das súas competencias.

No marco dunha solicitude de acceso á información, cando se solicita unha información ou unha documentación que non existe, ben por que non se elaborou (aínda que fose obrigatorio facelo pola normativa que lle sexa de aplicación) ou ben simplemente porque non é necesario ou non é posible elaborala porque non se dan as circunstancias para facelo, o suxeito obrigado cumpre, indicando ao solicitante con claridade, que a información solicitada non existe. De

acordo co anterior, considérase axeitada a resposta dada polo Concello de Brión comunicándolle que a información solicitada non existe.

No informe remitido polo Concello, afirma que algunhas actuacións realizadas pola Asociación desde o ano 2012 foron auspiciadas de forma verbal polo concello, ofrecendo axuda para o desenvolvemento de actividades tal e como se relata nos antecedentes desta resolución.

Respecto da solicitude por parte do reclamante no seu escrito de reclamación de que se lle remita documentación que non foi obxecto da súa solicitude inicial, (que se lle informe de cales foron os criterios para decidir apoiar esas iniciativas, desagregar o tipo de colaboración e o importe económico), considérase de acordo co informe do Concello que non procede pronunciarse sobre a mesma, xa que non foi obxecto da súa solicitude.

De acordo co anterior, ao considerar que o Concello deu resposta adecuada á solicitude de acceso á información formulada, procede a desestimación da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data do 15 de abril de 2021, contra a Resolución da Alcaldía de Brión nº 164/2021, do 13 de abril, pola que se resolve a súa solicitude de obtención de copia dos convenios asinados polo concello coa [REDACTED]

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA
DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)
Fecha: 2021.05.27 10:32:17 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.